

Estimado/a socio/a:

O venres día 9 pola mañá a Xunta Directiva da Asociación celebrou por fin unha reunión coa Directora Xeral de Ordenación Académica, María Xosé Pérez Mariño, en San Caetano. Os temas da reunión coa Directora deste Departamento estaban relacionados sobre todo coa situación en que quedan as optativas de Música no novo Bacharelato e coa nova vía de Bacharelato das Artes, Música e Danza. Esta foi a información que obtivemos na reunión e, punto por punto, a nosa lectura acerca dela:

Optativa de Música (antes Música I e Música II)

- 1 - De forma irrevocable, esta asignatura - cuxos contidos serán diferentes a como eran ata agora xa que se está a redactar un novo currículo - só poderá ser elixida nun dos dous cursos do Bacharelato, aínda que o alumnado decidirá cando quere cursala (é dicir: os centros ofertarana tanto para 1º como para 2º curso, como se deduce do artigo 8.4 do Decreto).
 - Non parece que vaimos ter moitas posibilidades de facer cambiar de opinión á Consellería nesta redución. Como en Galicia coa LOGSE sempre tivemos o Bacharelato con máis horas de Música de todo o Estado, pese a futura redución, aínda estaremos en mellor situación que outras comunidades, co cal a comparación neste caso non nos favorece. Oxalá a comparación fose co resto de Europa.

- 2 - A regulación exacta da organización dos centros e dos contidos para as optativas está pendente de saír publicada nun próximo decreto ou orde.
 - Debemos por tanto estar moi atentos a esta lexislación que rexerá a nosa materia en canto a contidos, ratio por aula, condicións etc.

- 3 - As razóns para non permitir cursar Música nos dous anos do Bacharelato son: un certo rechazo cara esta asignatura, tanto social como doutros colectivos relacionados co ensino nas conversacións previas á redacción do anteproxecto; escaseza de alumnado nestas materias, o cal resulta "caro" para o sistema; unha nova concepción do Bacharelato no cal se busca que todo o alumnado curse dúas optativas distintas (agás no consabido caso de 2ª Lingua Estranxeira). A Directora Xeral referiuse a un estudo previo de uso interno na Consellería que non nos mostrou.
 - Esta opinión resulta demoledora e frustrante, pero cadaquén coñece o tipo de reaccións que suscita o noso traballo en cada centro; parece que aínda hai que facer máis por que nos recoñezan. Que haxa escaseza de alumnado é algo que non responde á realidade en moitos centros, aínda que a Consellería manexa os seus propios datos.

Propias de modalidade: Análise I e II, Linguaxe e Práctica Musical, Historia da Música e da Danza

- 1 - Como di o anteproxecto (artigos 7.5, 7.6, 8.3.), tódalas asignaturas propias das tres modalidades poderán ser escollidas como optativas (unha por curso) ou ben como modais doutra modalidade distinta á elixida (unha soa en todo o Bacharelato), e isto será así independentemente das modalidades que se estean impartindo en cada centro. Incluso, se é necesario, o alumnado poderá cursar optativas que non haxa no seu centro ben a distancia ou

ben desprazándose a outro.

- Este punto é un dos máis complexos da nova ordenación para nós: en función da análise das características de cada centro, os Departamentos deberán loitar por que saian adiante aquelas materias que mellor se adapten á realidade de cada lugar. Os membros das CCP deberán posicionarse con firmeza e presionar para que o alumnado teña claras as opcións ás que ten dereito, que van ser moitas. En canto o comentario da Directora de poder cursar calquera asignatura que se elixa, incluso a distancia ou noutro centro distinto, estamos alerta para comprobar como se vai materializar isto na realidade, coñecedores como somos das dificultades e dispoñibilidade de organización de cada centro.
- 2 - En virtude do anterior, non só se poderá impartir H^a da Música e da Danza como optativa ou dentro doutra modalidade, senón tamén as novas asignaturas de Análise I e II e Linguaxe e Práctica Musical e calquera outra propia da modalidade que sexa.
- Xa que a oferta para nós se amplía bastante, en función do que determine o próximo decreto de optativas en canto a organización e ratios, haberá que estudar como se combina esta oferta segundo as características de cada centro.

Bacharelato de Artes

- 1 - Neste momento impártese en 14 centros de Galicia (datos da Directora Xeral). Na actualidade a vía de Música cúrsase parcialmente no Conservatorio e é unha opción extremadamente minoritaria, polo cal a implantación destas vías (tanto a de Artes Plásticas como a de Escénicas) estudíase coidadosamente, xa que son bacharelatos caros para a pouca demanda que hai.
- Estas conclusións, aínda que sexan certas, están baseadas nunha idea que a LOGSE nunca desenvolveu con tódalas consecuencias. Todos sabemos que esta modalidade ía dirixida a un perfil de estudante moi concreto e por tanto escaso; ademáis a imposibilidade de realizar as probas de Selectividade eran unha razón disuasoria para o alumnado en moitos casos.
- 2 - Estúdase a oferta de cursar a vía de Artes Escénicas de dúas maneiras: a tempo total no instituto (coas materias que recolle o Real Decreto), ou ben convalidando as asignaturas propias da modalidade coa titulación de Música e recibindo neste último caso docencia das materias comúns no mesmo Conservatorio.
- Agardamos esta resolución para estudar exactamente que alumnado poderá acollerse a cada unha das versións de Bacharelato e en que condicións.
- 3 - O Ministerio de Educación publicará proximamente a normativa de convalidacións, que afectará no caso da Música a aquel alumnado que non estea rematando o Grao Medio á vez que o Bacharelato (é dicir: o alumnado non candidato a cursar no Conservatorio a modalidade antes citada)
- Estamos xa que logo á espera desta normativa ministerial.

4- Aínda non se sabe se finalmente o alumnado que elixa a vía de Artes Escénicas terá posibilidade de presentarse ás probas de Selectividade, o cal é decisión da Universidade e non de Secundaria.

- Este último dato parécenos crucial para que o alumnado que elixe estudar o Bacharelato por Música conte coas mesmas oportunidades que o resto. Parécenos inxusto que ó alumnado que estuda nos Conservatorios se lle esixa decidir antes que ós demais o que vai facer ó rematar no Instituto. Por outra parte, unha vez máis comprobamos que esta visión baséase no descoñecemento da nosa materia e da conexión que mantén con estudos posteriores á parte da carreira artística nos Conservatorios. Ademais estes novos Bacharelatos en principio tan flexibles permiten que o alumnado deseñe itinerarios versátiles que poderán conducir a diversas saídas.

Por último, dicir que a reunión transcorreu en bastante bo clima e que transmitimos todas as reivindicacións da Asociación e as nosas opinións acerca dos temas tratados. Asomúsica ofreceuse unha vez máis para o diálogo coa Consellería.

Pensamos que debemos seguir moi atentos ó desenvolvemento da lexislación para o Bacharelato e divulgar esta información entre todo o profesorado, xa que o futuro éxito da implantación destas novas materias dependerá en gran parte da capacidade dos Departamentos para captar o alumnado idóneo en cada caso e lograr que no centro se axude mediante unha boa organización das materias. E para iso será imprescindible que todo o profesorado de Música coñeza exactamente tódalas posibilidades que a nova lei permite.

Luns, 12 de maio de 2008